

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓNS:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de 15 minutos
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán 0,50 puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán 0,125 puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folia autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Só unha das catro seguintes series ten todos os termos en FEMININO. Indique cal é:

- A) A estudante, irmán, vilán, nai.
- B) Cabra femia, raíña, deusa, castelán.
- C) Vilá, león femia, vaca, sultana.
- D) Nora, irmá, nugallá, pastora.

2. A frase correcta é:

- A) O paciente ten que guardar repouso durante sete semanas.
- B) O paciente ten que gardar repouso durante sete semanas.
- C) O paciente ten que guardar reposo durante sete semanas.
- D) O paciente ten que gardar reposo durante sete semanas.

3. Das seguintes frases, indique cal é correcta na lingua galega:

- A) Mira isas flores.
- B) Mira aquiles libros.
- C) Mira esos papeis.
- D) Mira esta botella.

4. Indique cal das seguintes palabras NON se refire a unha parte do corpo humano:

- A) Caluga
- B) Gamela
- C) Queixo
- D) Nocello

5. Indique o nome da parte do corpo onde se une a coxa co ventre.

- A) Ingua.
- B) Ingle.
- C) Ingla.
- D) Ingula.

6. Sinale a opción correcta:

- A) O celador resbalou na rampa e rompeu un óso.
- B) O celador escorregou na rampla e rompeu un óso.
- C) O celador escorregou na rampa e rompeu un oso.
- D) O celador resbalou na rampla e rompeu un oso.

7. Sinale a relación de singular/plural que é correcta en galego:

- A) Cadril/Cadrís.
- B) Control/Controles.
- C) Tórax/Toraxes.
- D) Ril/Rís.

8. Indique cal é a frase correctamente escrita en galego:

- A) Se deixou a estar sentado porque se estaba cansando.
- B) Si che parece ben, vamos á praia.
- C) Se se poñen ao sol queimaranse.
- D) Se vai a poñer a choviscar.

9. Calidade daquilo que se pode mover, cambiar de lugar ou de posición.

- A) Mobilidad
- B) Movilidad
- C) Movilidade
- D) Mobilidade

10. No idioma galego, cal das seguintes palabras é correcta?

- A) Enfermidade.
- B) Enfirmidade.
- C) Enfermedade.
- D) Enfirmedade.

Preguntas de reserva

1. Utensilio composto de dúas varas grosas a modo de leito portátil para o traslado de enfermos ou feridos, que pode levarse á man ou sobre rodas.

- A) Leital.
- B) Camilla.
- C) Padiola.
- D) Camastro.

2. Indique cal é a frase correctamente escrita en galego:

- A) O seu corazón late lentamente.
- B) A febre está a subir.
- C) Perdeu moita sangue na operación.
- D) Fixéronlle un análise de urina.